



VENRES 24 DE ABRIL DE 2020 MIRÓN

- Tedes **pinzas de cores** pola casa? Imos xogar a facer **series** con elas! Por exemplo, así:



- Se non tedes pinzas de cores podedes empregar **rotuladores** ou **ceras**. Colocádeos por cores (azul-amarelo, azul-vermello-amarelo; verde-rosa; verde-rosa-amarelo...). Para **3 anos** serán suficientes **2 elementos**.
- Tamén podedes facer series empregando **outros criterios** a parte da cor (**grande-pequeno; grande-mediano-pequeno**). Ou empregando **alimentos** colocados nunha orde determinada (lentella-garavanzo-macarrón; faba-noz). Xogade de diferentes formas!
- Despois, tirade un **dado**, **anotade** o **número** que saia e **collede tantas** cousas **como indique**. Facédeo 5 ou 6 veces e despois **ordenade** os **números** que saíron de **menor a maior**.
- Os nenos/as de **5 anos** farán a **suma** de **todos** eses **números** e **pensarán** despois nun **número maior e noutro menor a esa cantidade**. Por exemplo, se a suma da 12, deberán pensar un número menor e maior a 12.
- Por último, déixovos uns **sudokus** para que fagades durante a fin de semana (un para 3 anos e outro para 4 e 5).
- **Grazas, forza e ánimo.**